



CONCELLO  
DA  
POBRA DO CARAMIÑAL  
(A CORUÑA)

Municipio de Interesse Turístico

## PROPOSTA DA ALCALDÍA

### CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓN INFORMATIVAS

Considerando que consonte ao disposto no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 68.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos municipios de máis de 5.000 habitantes, existirán órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.

Considerando que consonte ao establecido nos artigos 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, 59.2.c) e 66.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, a Comisión Especial de Contas existirá en todos os Concellos.

De conformidade co disposto nos artigos 20.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladoras das Bases do Réxime Local, en concordancia cos artigos 60 a 68 do Regulamento Orgánico Municipal e, supletoriamente, os artigos 124-126, 134 e 135 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Constituír as seguintes **Comisión Informativas Permanentes**:

- a) Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, persoal e réxime interior.
- b) Comisión Informativa de Promoción económica e Turismo, facenda e igualdade
- c) Comisión Informativa de servizos sociais, servizos municipais e benestar animal.
- d) Comisión Informativa de educación, deportes e medioambiente.
- e) Comisión informativa de mocidade, seguridade cidadá e participación veciñal
- f) Comisión informativa de cultura, relacións institucionais e sanidade.

**Segundo:** Constituír a **Comisión Informativa Especial de Contas**, de existencia obrigatoria, a quen lle corresponderá o exame, o estudo e o informe da Conta Xeral e das demais contas anuais, de acordo co previsto na normativa vixente.

**Terceiro:** A composición de todas as Comisións Informativas, será a seguinte:

Presidente nato das Comisi3ns: O Alcalde. Este poder3 delegar3 a Presidencia en calquera membro da Corporaci3n, a proposta da propia Comisi3n e mediante elecci3n efectuada no seu seno.

Asemade a Alcald3a poder3 detentar a presidencia no caso de ausencia do Presidente da Comisi3n informativa que resulte nomeado como tal.

Vogais-Concelleiros:

- 2 de NOS POBRA
- 2 do PP
- 1 do BNG
- 1 do grupo mixto/ PSdeG-PSOE

**Quinto.-** De conformidade co artigo 63 do ROM, a adscripci3n concreta a cada Comisi3n dos membros da corporaci3n, realizarase mediante escrito do Voceiro do cada grupo dirixido ao Alcalde da corporaci3n.

Da composici3n definitiva das Comisi3ns informativas darase conta ao Pleno, podendo designarse de igual forma, un suplente por cada titular.

**Sexto:** Estas comisi3ns celebrar3n reuni3ns de acordo co rexime estipulado no Regulamento org3nico municipal.

Na Pobra do Carami3al, a data da sinatura dixital

O alcalde